



**ACORDO DE PRÓRROGA PARA O ANO 2024**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (XUNTA DE GALICIA) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PARA A ATENCIÓN DE MENORES NO CENTRO RESIDENCIAL "FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY" NA CORUÑA.**

CONVENIO 120 Bis / 2023

No lugar e na data da sinatura dixital

A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica Xunta de Galicia, o Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, a protección e a tutela dos/das menores en situación de risco ou desamparo.

A Excelentísima Deputación Provincial da Coruña está rexistrada co número E-1335 no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Consellería de Política Social e dispón do centro de menores Emilio Romay, situado na Avenida Ferrocarril, nº 43 na Coruña. Neste centro préstanse servizos a menores en situación de desamparo ou marxinação que, por diferentes causas socio-familiares e persoais, non poden, aínda que sexa temporalmente, ver cubertas todas as súas necesidades, tanto materiais coma afectivas, educativas, etc. na súa propia familia.

Con este obxecto asinouse o día 30 de decembro de 2022 un convenio de colaboración entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a Consellería de Política Social e Xuventude.

Na cláusula décima do convenio establécese a vixencia ata o 31 de decembro de 2023 e a posibilidade de prorrogalo por acordo expreso das partes por períodos sucesivos non superior cada un deles a un ano ata un límite de catro anos, todo isto condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios correspondentes.

Na súa virtude, e tendo en conta o importante labor que está a desenvolver esta institución na atención de menores, ambas as dúas partes, no nome e representación en que concorren e coa capacidade legal para este acto,

**ACORDAN**

**Primeiro.-** Prorrogar o convenio de colaboración asinado o 30 de decembro de 2022, por un ano e con efectos desde o 1 de xaneiro do 2024 ata o 31 de decembro do mesmo ano, nos termos e co alcance que figura no seu clausulado.

**Segundo.-** O importe previsto da prórroga do convenio de colaboración para o ano 2024 é de 325.904,85 €.

Para este convenio non se establece revisión do prezo.

Este gasto financiarase con cargo á partida orzamentaria 13.02.312B.228.





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA SOCIAL  
E XUVENTUDE



Deputación  
DA CORUÑA

V. 18.12.23 revsatx

**Terceiro.-** A autorización ou realización dos gastos de carácter plurianual subordinarase aos créditos que para cada exercicio se consignan nons Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto no artigo 58.2 do TRLRFOG.

E, en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan este acordo de prórroga do convenio de colaboración para o ano 2024, no lugar e na data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e Xuventude  
A conselleira

Pola Excelentísima Deputación Provincial da Coruña  
A deputada de Benestar Social e Educación

Fabiola García Martínez

María del Mar García Vidal

Asinado por: GARCÍA MARTÍNEZ, FABIOLA  
Cargo: Conselleira  
Data e hora: 29/12/2023 15:14:14

Asinado por: GARCÍA VIDAL, MARÍA DEL MAR  
Cargo: Deputada de Benestar Social e Educación  
(Deputación da Coruña)  
Data e hora: 29/12/2023 15:07:06

CVE: 3um2br1s4aAB  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

